PRINCIPAIS MARCADORES TEXTUAIS

Para ordenar as ideas (de orde): en primeiro lugar, para empezar, antes de nada, en segundo lugar, a seguir, por un lado/unha parte, por outro lado/outra parte, a respecto de, polo que se refire a, por último, finalmente...

Para situar no espazo e no tempo (espaciais e temporais): en primeiro termo, nun inicio, á esquerda/dereita, no medio, a ambos os lados, máis arriba/abaixo, ao lado de, ao lonxe, ao fondo, enfronte, no exterior, no interior, por fóra, a seguir, unha vez que, máis adiante, a continuación, seguidamente...

Para engadir ideas relacionadas (aditivos): ademais, tamén, así mesmo, do mesmo xeito, igualmente, á parte diso, alén diso, e aínda máis...

Para confirmar e ampliar (de reforzo): en efecto, así é, efectivamente, de feito, en realidade...

Para inserir detalles e exemplos (de concreción): por exemplo, en concreto, concretamente, en particular, como ilustración...

Para explicar mellor, rectificar, precisar (explicativos reformuladores): ou sexa, é dicir, quer dicir, ou o que é o mesmo, mellor dito, máis ben, noutras palabras, en calquera caso, de todos os xeitos, en todo caso...

Para contrastar ideas ou indicar oposición (contraargumentativos): pola contra, en cambio, porén, agora ben, iso si, non obstante, con todo, así e todo...

Para ligar causas e consecuencias (causais, consecutivos): porque, debido a, por causa de, entón, daquela, polo tanto, por iso, así que, así pois...

Para resumir e pechar (recapitulativos): en resumo, en síntese, en conclusión, visto o anterior, en definitiva...

Exemplificación: Os blogues

Actualmente, os blogues constitúen a forma máis sinxela e efectiva de publicar contidos periodicamente na rede. Wordpress e Blogger, **por exemplo**, permítennos abrir e manter unha bitácora de xeito gratuíto.

Antes de máis nada, cómpre explicar que os blogues presentan artigos ou anotacións de xeito cronolóxico inverso. Os seus elementos fundamentais son o título, o post, as ligazóns e os comentarios. O título do caderno dixital adoita referirse á temática tratada (cine, cociña, viaxes...); o da propia anotación soe conter unha ligazón específica que converte cada post nunha entrada independente, cos seus comentarios. **Por outro lado,** é moi común que conteña elementos multimedia e hipervínculos que permiten ampliar a información.

A este respecto, conséguense mellores resultados nas plataformas con maior complexidade, por múltiples razóns. **En primeiro lugar,** é moi funcional a posibilidade de ter páxinas e subpáxinas para organizar tematicamente e amosar desde un menú determinados contidos. E só unha plataforma potente permite facer iso para lle dar funcionalidades de páxina web ao blogue. **De feito,** son moitas as entidades e empresas que usan Wordpress para construír doadamente o seu espazo. **Ademais,** é evidente que paga a pena dispoñer de amplas funcionalidades (como a creación de álbums de imaxes), pois a complicación da administración compensa o non ter que acudir a servizos externos en moitos casos.